

g.2. Outros tipos de datos: Características persoais, circunstancias sociais, detalles de emprego e datos económicos, financeiros e de seguros.

- h) Sistema de tratamento: Mixto.
- i) Medidas de seguridade: Nivel básico.
- j) Cesións ou comunicacións de datos: non teñen prevista ningunha cesión ou comunicación de datos.
- k) Transferencias internacionais: non teñen prevista ningunha transferencia internacional.

ANEXO II

1. FICHEIRO DEUDORES/ACREEDORES

- a) Denominación: Deudores/Acreedores.
- b) Código de Inscripción: 1943641109
- c) Motivo da supresión: Ficheiro desactualizado.
- d) Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Estes datos pasan a formar parte do ficheiro de xestión contable.

A Pastoriza, 19 de abril de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 1788

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de data 31 de marzo de 2012 acordou desestimar a única reclamación presentada durante o trámite de información pública e aprobar definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da corta e saca de madeira no municipio da Pastoriza.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das bases del réxime local procédese a publicación do acordo e do texto íntegro da ordenanza para a súa entrada en vigor.

Contra dito acordo e a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

"2.- Aprobación definitiva da ordenanza municipal de corta e saca de madeira.

Dáse conta da proposta da tenente de alcalde delegada da Área de Medio Rural, que literalmente transcrita di así:

O pleno municipal o 28 de xaneiro de 2012 aprobou inicialmente a Ordenanza Municipal de corta e saca de madeira.

Iniciase prazo de exposición pública coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 10 de febreiro de 2012 (BOP núm.34).

Durante o prazo de exposición pública, que finalizou o día 16 de marzo de 2012, preséntase un escrito de alegacións subscrito pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, no cal solicitan a anulación da Ordenanza Municipal de corta e saca de madeira por considerar que o Concello non ten competencia para regular os montes e os aproveitamentos forestais e por infracción do principio de igualdade.

Á vista das alegacións formuladas pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, cabe sinalar

1º. O artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, establece como competencia propia dos concellos a "conservación de camiños e vías rurais", e este é o título competencial en base ao cal que se aproba a Ordenanza Municipal de corta e saca de madeira, tal e como se puxo xa de manifesto no momento da súa aprobación inicial.

A referida ordenanza municipal, non regula, nin pretende facelo, os aproveitamentos forestais, os cales, efectivamente son competencia estatal e autonómica, e se regularán pola correspondente normativa estatal e autonómica.

O Concello aproba a Ordenanza Municipal de corta e saca de madeira co fin de garantir a conservación dos camiños e vías rurais, xa que están comprobados os importantes danos que as actividades de corta e saca de madeira causan nos camiños e vías rurais.

2º. En canto a infracción do principio de igualdade e legalidade que alega Confederación Galega de Empresarios da Madeira, tal e como sinala o propio interesado, o Tribunal Constitucional en distintas sentencias ven recoñecendo que non toda desigualdade de trato supón unha infracción do artigo 14 da Constitución sempre que teña unha xustificación obxectiva e razoable, e neste caso a actividade de corta e saca de madeira é substancialmente diferente a outras como poden ser o desenvolvemento de actividade agrícola ou gandería que expresamente se mencionan na alegación. A actividade de saca e corta é unha actividade puntual e concreta, pero que supón, non obstante, unha maior intensidade de uso nas vías e camiños rurais que a de outro tipo de actividades.

Por outra parte o Tribunal Constitucional na mesma sentenza mencionada polo interesado (STC 76/1990, de 26 de abril) engade que para que a diferenciación resulte constitucionalmente lícita “*é indispensable ademais que as consecuencias xurídicas que resultan de tal distinción sexan adecuadas e proporcionadas a dito fin*”.

Neste caso, o Concello, coa ordenanza municipal, limítase a esixir que as empresas que se dediquen ás devanditas actividades fagan unha comunicación previa das actividades que van desenvolver no termo municipal co fin de controlar e preservar a integridade dos camiños e vías rurais polas que se vaian a realizar. Tal obriga non se pode considerar desproporcionada e en ningún caso especialmente gravosa ou desmedida, este tipo de actividade realizase nun lugar determinado e cunha duración máis ou menos concreta, polo que só supón comunicalo con anterioridade ao Concello.

En resumo, as obrigas que prevé a ordenanza van dirixidas a protección dos camiños e vías públicas municipais, que si son competencia municipal, e para nada inciden no dereito de exercer a actividade de corta e saca de madeira nin supoñen como se di na alegación unha limitación no seu exercicio.

Por todo o exposto pola tenente de alcalde propónse ao pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas pola Confederación Galega de Empresarios da Madeira, por entender que carecen de fundamento legal xa que o título competencial en base ao que o concello regula esta materia é a “conservación de camiños e vías rurais” prevista no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Segundo.- Tendo en conta que non existen máis alegacións presentadas dentro do prazo sinalado para tal efecto, considerar aprobado de forma definitiva o acordo inicialmente aprobado na sesión de 28 de xaneiro e proceder á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa entrada en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

Logo dunha breve deliberación, a Corporación, por unanimidade e en votación ordinaria, acordou aprobar a proposta da tenente de alcalde anteriormente transcrita nos seus propios termos.”

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CORTA E SACA DE MADEIRA NO MUNICIPIO DA PASTORIZA

Artigo 1º. Obxecto da normativa.

Constitúe o obxecto desta ordenanza o establecemento dunha regulación no municipio da Pastoriza das cortas e sacas de madeira que faga compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade viaria.

Artigo 2º. Concepto de corta e saca de madeira.

Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio da Pastoriza que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de tala, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte, preparación, almacén e xestión dos restos da corta).

Artigo 3º. Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira.

Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar plantacións forestais dentro do municipio da Pastoriza cun peso estimado superior a 8 toneladas métricas, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

1.- Datos de identificación do propietario forestal e do madeireiro:

- Persoa física: nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono.

- Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.

2.- Especie de madeira obxecto da corta. Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.

3.- Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa, identificación en plano catastral.

4.- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

5.- Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.

6.- Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.

7.- Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira.

8.- Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de corta e saca de madeira.

9.- De ser o caso, fotocopia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.

10.- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que podan causarse con ocasión da corta e saca da madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente, no escrito de comunicación que presente e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 5º.

O Concello da Pastoriza terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa. (Anexo I da presente ordenanza)

O Concello da Pastoriza requirirá ao madeireiro ou ao propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Artigo 4º.Obrigas nas operacións de corta e saca de madeira.

O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

Así mesmo estará obrigado a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito da madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira.

O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

Artigo 5º. Responsabilidade.

O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello da Pastoriza velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de limpeza e seguridade.

A obriga da que se fai referencia no número 1 deste artigo será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

No suposto de que non sexa titular ou beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca de madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende (peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación da vía afectada, etc.) Esta garantía será devolta polo Concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.

Artigo 6º. Infraccións.

As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- a) Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para iso polo Concello.
- b) Deixar as vías municipais nun moi deficiente estado de sucidade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade viaria.
- c) Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 6.000 euros.
- d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Son infraccións graves:

- a) Non presentar o escrito de comunicación previa. Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade.
- b) Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 6.000 euros.
- c) Non demoler ou non repor ó seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriron para acceso ás fincas.
- d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Consideraranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello

Artigo 7º. Sancións.

As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: Multa de ata 300,00 euros.

Infraccións graves: Multa de contía comprendida entra 301,00 euros e 1.500,00 euros.

Infraccións moi graves: Multa de contía comprendida entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da existencia, se fose o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e prexuízos a que houbera lugar.

As sancións imporanse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ao interesado.

A resolución do expediente sancionador corresponderá a Xunta de Goberno Local, cando se trate de faltas moi graves ou graves, e á Alcaldía cando se trate de faltas leves.

Artigo 8º.- Requisitos.

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e

prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso non poderá exceder dun mes.

Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria cargándolle os custos desta á persoa responsable.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que se establece nesta Ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo

Modelo de solicitud



**Concello da
Pastoriza**

Praza de Galicia, 1 27287 - A Pastoriza
Teléfono 982 33 21 97 Fax: 982 33 22 33
Correo electrónico: administracion@concellodapastoriza.es

<u>COMUNICACIÓN PREVIA DE CORTA E SACA DE MADEIRA</u>	Selo do rexistro:
--	-------------------

DATOS DO MADEIREIRO:	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL :	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	
N.I.F./C.I.F:	Tfno. de contacto:
En caso de actuar en representación de alguén, NOME E APELIDOS do representado (acompañar con documento que acredite a representación):	

DATOS DO PROPIETARIO FORESTAL	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL :	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	
N.I.F./C.I.F:	Tfno. de contacto:
En caso de actuar en representación de alguén, NOME E APELIDOS do representado (acompañar con documento que acredite a representación):	

CONSIGNE OS SEGUINTE DATOS:

- **ESPECIE DE MADEIRA OBXECTO DA CORTA:**_____
- **TONELADAS MÉTRICAS:**_____
- **NOME DA FINCA/MONTE:**

- **REFERENCIA CATASTRAL DA FINCA/MONTE:**_____
- **LUGAR E PARROQUIA DA FINCA/MONTE:**_____
- **DATAS PREVISTAS DE INICIO E REMATE DOS
TRABALLOS:**_____
- **VEHÍCULOS E MAQUINARIA A
EMPREGAR:**_____
- _____
-
- **LUGAR DONDE SE DEPOSITARÁ Á ESPERA DA SÚA
CARGA:**_____
- _____
-
- **VÍAS A EMPREGAR PARA O TRANSPORTE DA MADEIRA:**

- _____
-
- **DATA PREVISTA PARA O TRANSPORTE DA
MADEIRA:**_____
- **SISTEMA PREVISTO PARA A LIMPEZA DAS VÍAS PÚBLICAS AFECTADAS:**_____
- _____
-

A Pastoriza,

de

de

Sinatura do madeireiro:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DA PASTORIZA.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados ás bases de datos, das que é responsable o Concello da Pastoriza, coa única finalidade de levar a cabo as funcións e competencias que lle son atribuídas na lexislación vixente. Poderá Vd. exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos facilitados, nos termos establecidos na citada Lei orgánica 15/1999, para o cal deberá dirixirse a este Concello, na seguinte dirección : Praza de Galicia, 1. 27287 A Pastoriza (Lugo)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- ✓ Plano catastral da finca/monte afectado.
- ✓ Fotocopia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente, de ser o caso.
- ✓ Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil así como do último recibo pagado.

OBRIGAS NAS OPERACIÓN DE CORTA E SACADA DE MADEIRA. (Art. 4)

- O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ó final da xornada.
- Así mesmo estará obrigado a sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira conforme ó establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.
- Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira.
- O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ó seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ó monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.
- De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

A Pastoriza 19 de abril de dous mil doce.- P.D (Resolución da Alcaldía do 13 de xuño de 2011), A tenente de alcalde, Elva Carrera González

R. 1789

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA
JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DEL CARMEN VARELA REBOLO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NUMERO DOS DE LUGO Y SU PROVINCIA.

CERTIFICO: Que en los autos nº 461/11, seguidos a instancias de LUIS LÓPEZ LÓPEZ contra JOSÉ MANUEL GARCÍA LÓPEZ sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, se ha dictado sentencia cuyo encabezamiento y parte dispositiva dicen: "En Lugo, a treinta y uno de enero de dos mil doce.- Vistos por la **Ilma. Sra. Dña. Beatriz Martínez Vega**, Magistrada-Jueza del **Juzgado de lo Social número Dos** de esta ciudad de Lugo, los presentes autos número 461/11 sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, en los que ha sido parte actora **DON LUIS LÓPEZ LÓPEZ**, asistido de la graduada social **DOÑA VICTORIA EUGENIA LÓPEZ DÍAZ**, y parte demandada, la empresa **JOSÉ MANUEL GARCÍA LÓPEZ**, que no compareció.- **F A L L O:** Que estimando la demanda formulada por **D. LUIS LÓPEZ LÓPEZ**, contra la empresa **JOSÉ MANUEL GARCÍA LÓPEZ**, debo condenar y condeno a la demandada